

CIRCULAR 238

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO / OUTUBRO 2012



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación / Responsable da Páxina Web



Concepción Fernández Fernández

Secretaria



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Empleo / Responsable da Biblioteca



Miguel A. Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa e Correspondente de Infocop



Antonio González Fernández

Vogal / Coordinador da Xunta de Goberno coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



José Manuel Oreiro Blanco

Vogal / Responsable de Cadernos de Psicoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero / Vogalía de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Vogalía de Formación

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a N° 239 de novembro/décembro de 2012,
e sairá a principios do mes de xaneiro de 2012.
A información terá que ser remitida como data límite
o 15 de decembro.

ÍNDICE

5	Información Xeral
10	Información das Seccións
16	Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)
18	Comisión de Ética e Deontoloxía
22	Últimos Colexiados e Colexiadas de Galicia
23	Cursos, Xornadas e Congresos

Editorial

Indefensión. Desesperanza. Rabia. Indignación. Compromiso. Acción

Este é o intrincado e sempre difícil treito que separa a depresión do cambio. Mais como apunta o título do último libro do benquerido escritor Agustín Fernández Paz “Non hai noite tan longa” que non culmine nun novo día.

Debaixo desta crise que todo o tapa e nos conduce polos camiños da indefensión e da indignación moral, seguen ben prendidos os valores e ideas que fixeron progresar a nosa sociedade e dereitos, e inzan os motivos para procurar un cambio de rumbo.

O primeiro paso para superar a indignación moral é tomar conciencia de que é necesario e posible atopar un camiño cara a saída. Outramente, so quedaría volver á desesperanza, e deixar nas mans do destino as nosas vidas e o noso futuro. Non podemos insistir no ambiente de desafecto polo público e o político. Convén lembrar que é no espazo público no que construímos as representacións sociais, os marcos interpretativos e definimos as formas de participación e acción sobre a realidade, para buscar solucións aos problemas.

AVISO

Unicamente se envían as comunicacións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia por correo electrónico.

Se aínda non facilitaches un enderezo de correo electrónico para recibir a correspondencia do COPG por e-mail, pregámosche que a fin de enviarche dita información nos facilites o teu correo electrónico á maior brevidade posible, senón NON poderás recibir información do Colexio.

Pensamos que hai que recuperar forzas, optimismo e confianza, e comprometerse co futuro, coas oportunidades de cambio, como facemos para superar un proceso depresivo ou traumático. Temos loitado moito para conseguir o recoñecemento de dereitos e servizos que melloraron a calidade de vida e benestar das persoas, e fixeron da nosa sociedade un modelo (non perfecto) de convivencia e igualdade.

Agora mais ca nunca, cando a precariedade económica e o declive ideolóxico ameazan a cidadanía democrática e os bens e servizos logrados nas últimas décadas, como profesionais conscientes temos que comprometermos e actuar solidariamente con outros colectivos profesionais e movementos cidadáns buscando marcos de acción que ademais de protexer dereitos abran a porta a alternativas para reconstruír os espazos colectivos de participación e toma de decisións. Cada quen na súa contorna e acorde coa súa posición pode tomar parte activa e decisiva nos procesos de cambio social.

É por iso que o COPG participa xunto con outros colexios e asociacións profesionais construíndo un discurso compartido e reivindicativo sobre a necesidade de profesionalización e calidade dos servizos comunitarios, como rede básica e imprescindible nestes momentos para o soporte e apoio das persoas e colectivos máis danados pola crítica situación que atravesamos. Igualmente, sumámonos a toda a marea de asociacións e persoas que resisten e responden á vaga de recortes na calidade de vida e democracia que se impón como única forma de saída da crise. Pensamos que os recortes e a privación socio-económica só xeran exclusión e desigualdade, sobre as que non se pode asentar un proxecto de sociedade e futuro. Hai que reconstruír espazos para o diálogo nos que procurar alternativas máis solidarias e xustas.

Porque para superar a desesperanza e a indignación hai que comprometerse e actuar. A acción é o combustible do cambio.

AVISOS

Renovación carnés

Se o teu carné está caducado ou caduca en breve, solicita a súa renovación na Administración do Colexio, por teléfono ou por e-mail.

Títulos de Licenciatura en Psicoloxía

Lembrámoslle a todas as persoas que se colexiaron co depósito do título de licenciatura e que aínda non presentaron o título orixinal, que deberán facelo á maior brevidade posible para o seu rexistro. Deberán traer orixinal e copia, ou enviar unha fotocopia compulsada para archivar no seu expediente colexial.

Relacións institucionais

A Vogal da Xunta de Goberno do COPG e Coordinadora do GIPCE, Ana Isabel Martínez Arranz, mantivo o 27 de agosto unha xuntanza con representantes da Cruz Vermella para tratar a solicitude que desde esta institución formularan ao GIPCE para a impartición de cursos de formación.



Carlos Montes Piñeiro

O Vogal da Xunta Directiva da Sección de PTO e Coordinador do Grupo de Traballo en Saúde e Benestar Ocupacional, Carlos Montes Piñeiro, mantivo o 3 de outubro unha reunión coa Directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), Adela Quinzá-Torroja García, e coa xefa do Centro do ISSGA en Lugo, Nieves Novo Lodeiro. Na xuntanza abordouse como tema central o establecemento de liñas de colaboración conxunta entre as dúas institucións en materia de Saúde Laboral.

En representación do Colexio

M^º Jesús López Cernadas e Isabel M^ª Varela Castiñeiras, Presidenta e Vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, asistiron ás reunións do Espazo Dialoga, integrado polo

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, o Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, celebradas o 14 de setembro e o 5 de outubro que tiveron lugar na sede do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia.



Momento da reunión do Espazo Dialoga

O Vogal da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía Clínica do COPG, Ignacio Dopico González, asistiu o 5 de outubro á Conferencia-Xornada “Aplicación dos Programas de Intervención en Terapia

Asistida por Cans. Método Pellitero” organizado pola Asociación Ramalladas Terapia Asistida con Cans e celebrado en Vigo.

A Coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Rocío Trastoy García, participou como ponente na mesa redonda “Ámbito Psico-Sanitario”, que tivo lugar ao abeiro das *Xornadas Técnicas para a Abordaxe Integral da Violencia de Xénero*, celebradas os días 19 e 20 de outubro en Cangas do Morrazo (Pontevedra) e organizadas polo Centro de Información á Muller do citado Concello.



Rocío Trastoy García

O COPG e o Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos

O Coordinador da Sección PTO do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicología do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de COP, que se celebrou o 7 de setembro en Santiago de Compostela.

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, acompañada da Vogal da Xunta de Goberno do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez, asistiron en representación do Consejo General de COP á Conferencia “Psicología da Saúde: Contribucións ao Deseño de Políticas”, organizada pola Federación Europea de Asociacións de Psicólogos (EFPA) e que tivo lugar en Bruxelas (Bélxica) o 20 e 21 de setembro.



M^a Rosa Álvarez Prada

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión da Junta de Goberno do Consejo General de COP, que se celebrou o 22 de setembro en Madrid.



Mª Jesús López Cernadas

A Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da Área de Psicología da Intervención Social do Consejo General de COP, que se celebrou o 6 de outubro en Madrid.

Nova Xunta Directiva da Sección de Psicología Xurídica do COPG

Con data 10 de setembro de 2012, a Comisión Electoral procedeu á proclamación definitiva da nova Xunta Directiva da Sección de Psicología Xurídica do Colexio Oficial de Psicología de Galicia coa composición que de seguido se detalla:

Mª Dolores Seijo Martínez (G-2035), *Presidenta*
Mª Alba Sousa Martínez (G-4041), *Vicepresidenta*
Ánxela Álvarez Naya (G-4283), *Secretaria*
Manuel Vilarinho Vázquez (G-3485), *Tesoureiro*
Mª Concepción Abad Alastruey (G-2982), *Vogal*
M. Milagros Martínez García (G-1536), *Vogal*
María Penado Abilleira (G-4271), *Vogal*
Antonio Saco Labandeira (G-0726), *Vogal*
M. José Jiménez Rey (G-0764), *Vogal*



Membros da Xunta Directiva

Colaboración do COPG coa Rede Iberoamericana de Psicoloxía de Emerxencias (RIPE)

O COPG colabora no proxecto Rede Iberoamericana de Psicoloxía de Emerxencias, promovido por Psicofundación, Fundación Española para a Promoción e o Desenvolvemento Científico e Profesional da Psicoloxía creada a iniciativa do Consejo General de Colegios Oficiales de Psicólogos.

Este proxecto ten como obxectivo principal promover o desenvolvemento científico e profesional da Psicoloxía de emerxencias no ámbito europeo e iberoamericano.

Sinatura dos Convenios de Mediación Intraxudicial

Recentemente asináronse os convenios de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, o Ministerio Fiscal, o COPG e os Colexios de Avogados de Santiago de Compostela e Ourense para o desenvolvemento dos Programas de Mediación Intraxudicial en Santiago de Compostela e en Ourense para 2012.

Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou, no mes de setembro, coa Universidade de Vigo un convenio marco de colaboración, cuxo propósito é realizar conxuntamente actividades e proxectos en todo tipo de materias que resulten de interese para ambas institucións.

AVISO

Aquelas persoas colexiadas que teñan inquietudes relacionadas coa fotografía, pintura ou escultura, teñen á súa disposición a sede colexial para expoñer as súas obras.

As persoas interesadas a tal efecto poden contactar coa Administración do Colexio.

Reunión coa Cruz Vermella de Galicia

A Decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, mantivo o 9 de outubro na sede do COPG unha reunión con representantes da Cruz Vermella. Dita reunión tivo como eixo central a presentación das actividades realizadas pola citada entidade.

Medios de Comunicación

□ O Coordinador do Programa Abramos o Circulo do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, Joaquín Prieto Flores, participou na rolda de prensa convocada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, que tivo lugar na sede do COPG o 10 de setembro, para falar sobre o Programa “Abramos o Circulo”.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=2 e www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=3.



ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com

FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]





SECCIÓN DE PSICOLOGÍA CLÍNICA

Formación

□ Na anterior Circular Informativa informábase do Curso “Formación en Psicología Sanitaria” que estábamos a organizar. Tiñamos a previsión de facer un grupo cun número de alumnos entre 10 e 15. O número de peticións foi tan alto que, unha vez falado cos docentes, puxemos en marcha outro segundo grupo. A pesares desta ampliación quedaron sen praza algunhas persoas interesadas no mesmo. A nosa intención con este curso é cubrir as necesidades dos colexiados e colexiadas que precisen esta formación e non deixar a ninguén fora do mesmo, facendo as reedicións que sexan precisas. En canto teñamos suficientes persoas interesadas nunha reedición do mesmo curso, falaremos cos docentes para empezar en canto antes. As persoas interesadas neste curso poden enviar un correo electrónico ao Colexio indicando que estarían dispostas en realizar o mesmo. Podedes atopar máis información no enlace da páxina web do COPG www.copgalicia.es/pdf/Curso_Formacion_en_psicologia_sanitaria.pdf.

□ No mes de xaneiro de 2013 tense previsto realizar o Curso “Medos, fobias e terrores infantís”. Será impartido en Pontevedra por **Teba Gulpide Laspalas** e **Raquel Espantoso San José**, ambas Psicólogas no Gabinete Agarimo de Pontevedra.

Xornadas da Sección

Os días 23 e 24 de novembro celebraranse na Facultade de Psicología da Universidade de Santiago de Compostela as XVII Xornadas de Psicología Clínica do COPG. Nelas analizaremos as implicacións que os novos cambios na lexislación sanitaria teñen na profesión a nivel formativo, institucional e na práctica profesional. Ademais celebraremos a Asemblea de Socios e Socias da Sección no marco das Xornadas. Esperamos ter unha ampla participación dos Socios e Socias da Sección e poder debater moito do que se fale durante as Xornadas e poder emprender as adaptacións necesarias a situación actual e do futuro próximo.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓNS

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección, Comisión ou Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

AVISO

Rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica

O COPG creou un rexistro de psicólogos/as especialistas en Psicología Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicología Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro).

Todas aquelas persoas colexiadas que teñades acadado esta titulación do Ministerio e aínda non o presentastes no COPG, tedes que aportar unha copia compulsada do título de especialista para incorporala ao voso expediente e quedar debidamente anotado no citado rexistro de especialistas. Para máis información contactar coa administración do COPG.

De acordo coa normativa vixente, a colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión, e en consecuencia as persoas que non estean colexiadas non poderán exercer como psicólogos e psicólogas.

Revista oficial da Sección

Os Anuarios de Psicoloxía Clínica publicados ata o momento pódense consultar no apartado de publicacións da Sección de Psicoloxía Clínica na páxina web do Colexio no enlace: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=40.

Nos vindeiros números haberá un apartado de casos clínicos. Querémosvos animar a que nos fagades chegar os vosos traballos para a súa publicación en formato word a través do correo electrónico do COPG, indicando que vai dirixido ao Anuario da Sección de Psicoloxía Clínica.

Nota informativa

Toda vez que xa pasara mais dun ano da publicación da Lei de Economía Social (BOE 30/03/2011) e da Lei Xeral de Saúde Pública (BOE 05/10/2011) que establecen a regulación do exercicio profesional da psicoloxía no campo sanitario, seguíamos a ter unha importante cantidade de solicitudes de información respecto a ditas normas. Por iso colaboramos ca Xunta de Goberno na elaboración dunha nota informativa, que se enviou aos colexiados e colexiadas o pasado 11 de outubro. Máis información: www.copgalicia.es/NovaVer.asp?id=720.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía Clínica da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=36



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Formación

O pasado 29 de setembro celebrouse no Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal O Ensanche, en Santiago de Compostela, o II Seminario Galego de Psicoloxía da Intervención Social co título “Prever a dependencia. Pautas para un envellecemento activo” e a Asemblea de Socios e Socias da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG.

O seminario foi coordinado por **Mª Jesús López Cernadas**, Presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social. Incluíu unha conferencia impartida por **Rocío Fernández Ballesteros**, Catedrática Emérita da Universidad Autónoma de Madrid, a cal disertou sobre os beneficios do envellecemento activo, e dous obradoiros impartidos por **Manuel Castro Bouzas**, Psicólogo do SERGAS no Complexo Hospitalario Arquitecto Maciñe-Novoa Santos de Ferrol, quen tratou o tema de prevención á depresión en maiores e **Rosalía Fernández Castro**, Psicóloga no Centro Recordando, quen abarcou o tema a prevención de deterioro cognitivo.



Momento da inauguración do Seminario



Momento do Seminario

División da Psicología da Intervención Social

Está creada a nivel nacional a División da Psicología da Intervención Social. En breve recibiredes todos os colexiados e colexiadas a información correspondente para inscribirse na mesma. De momento a inclusión na División será gratuíta.

Informacións

Dentro das actividades do Espazo Dialoga, o Colexio Oficial de Traballo Social, o Colexio de Educadores e Educadoras de Galicia e o Colexio Oficial de Psicología de Galicia organizan para o vindeiro 1 de decembro a celebración do I Encontro Galego de profesionais da Intervención Social e que terá lugar en Santiago de Compostela.

Animamos a todos os colexiados e colexiadas a enviar as vosas suxestións, a través do correo electrónico do Colexio, e tamén invitamos a visitar a páxina web do COPG no apartado de documentación da Sección para ir coñecendo a nova normativa que vai saíndo e que consideramos importante para o exercicio da profesión.

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=63.



SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Foro: As TIC e os Recursos Humanos

Con motivo do encontro de representantes de PTO dos distintos colexios territoriais, celebramos un Foro sobre “As tecnoloxías da información e da comunicación: A súa aplicación no ámbito dos Recursos Humanos”, que permitiu aos asistentes debater e intercambiar impresións sobre a avaliación de Recursos Humanos en contextos laborais e abordar o tema da selección de persoal baixo a perspectiva das redes sociais.

Contouse coa presenza de **José Muñiz Fernández**, Catedrático de Psicometría da Facultade de Psicoloxía da Universidade de



Intervención de José Muñiz Fernández



Intervención de Roberto Rodríguez González

Oviedo e Representante do Comité Internacional do Desenvolvemento da Norma, que disertou sobre “A nova norma ISO 10667 para a avaliación de persoas en contextos laborais” que foi presentada como unha ferramenta de traballo para optimizar as prácticas profesionais. Por outra parte, **Roberto Rodríguez González**, Responsable da Área de Atracción de Talento de R Cable y Comunicaciones que presentou o tema de “Selección baixo demanda”. Incidiu nos efectos do novo contexto social e como as redes sociais están modificando o modo en que os cidadáns se relacionan coas organizacións e xerando a individualización nos procesos de selección e novas formas de crear lazos cos candidatos.

Mais información no enlace <http://www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=630>.

I Encontro Anual Territorial de Representantes PTO dos Colexios Oficiais de Psicólogos

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia foi o anfitrión e Co-organizador co Consejo General de COP deste primeiro encontro anual que foi un escenario para discutir aspectos profesionais e presentar os proxectos da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos para 2013.

O Encontro foi inaugurado pola Decana do COPG, **Mª Rosa Álvarez Prada**, por **José Luis Domínguez Rey**, Coordinador da Sección de PTO do COPG e **Francisco Javier Sánchez Eizaguirre**, Coordinador da División PTORH do Consejo General de COP. Ademais da participación vinte representantes dos distintos COPs, contou-se coa presenza de tres representantes da Ordem dos Psicólogos Portugueses, así como **Manuel Berdullas Temes**, Coordinador de Relacións Internacionais do Consejo General de COP e **Francisco Medina Díaz**, Coordinador do S-NAC in Work and Organizational Psychology (EAWOP).



Momentos da reunión

Entre outros, estes puntos centraron a axenda de traballo:

- a. Presentación da Plataforma Interactiva de Comunicación (PIC) como instrumento de comunicación e participación entre os 770 Colexiados e Colexiadas vinculadas á División PTORH.
- b. Debate sobre o Certificado de Especialista EuroPsy en Psicoloxía do Traballo e das Organizacións cuxa presentación correu a cargo de Francisco Medina Díaz, Coordinador do Comité Nacional de Acreditación.
- c. Documento sobre os criterios de acreditación para o exercicio profesional de psicólogo experto en coaching que contempla os distintos criterios xerais e específicos (formación, experiencia e avaliación) para iniciar o procedemento de tal acreditación.
- d. Guía para as boas prácticas na avaliación dos Recursos Humanos e adaptación da norma ISO-10667 para a regulación deste ámbito de actuación profesional.

Sobre estes aspectos iremos informando nas reunións da Sección e en futuras circulares.

A Norma ISO 10667

Esta Norma que foi obxecto de presentación e debate recentemente no COPG, fai referencia a unha normativa internacional que estrutura o proceso de avaliación de persoas en contextos laborais e serve como guía para as boas prácticas en avaliación e en ela describen as competencias, obrigacións e responsabilidades durante e despois do proceso avaliativo no ámbito de Recursos Humanos. Creouse un grupo específico de traballo de carácter temporal para adaptar a norma para establecer as pautas da súa aplicación de cara a mellorar os procesos de avaliación e enfrontarse ao intrusismo neste ámbito.

Máis información: Infocop N° 58 páx. 43 www.cop.es/infocop/pdf/1153.pdf

Enlace ao apartado da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións da páxina web do COPG: www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=81.



José Muñiz Fernández

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓGICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Formación prevista

❑ *Curso de intervención psicológica en catástrofes e emerxencias na AGASP (2ª Edición)*

Celebrarase os días 13 e 14 de novembro e será impartido por **Isabel Vera Navascués** e **Elena Puertas López**, Psicólogas da Dirección General de Protección Civil. O curso conta con 27 prazas para Psicólogos/as colexiados/as que son totalmente gratuítas.

❑ *Curso sobre autocoidado para intervinientes*

Terá lugar os días 30 de novembro e 1 de decembro. Será impartido por **Anabel González Vázquez**, Psiquiatra, Terapeuta EMDR e Coordinadora do Programa de Trauma e Disociación do Hospital Marítimo de Oza (A Coruña).

❑ *Reunión co grupo de gardas*

Celebrarase o vindeiro 15 de decembro. Será unha xuntanza entre as xefas de garda coa fin de analizar todas aquelas incidencias que aconteceron durante as intervención e as gardas deste ano.

❑ *Xornada sobre intervencións do GIPCE*

Celebrarase o 26 de xaneiro de 2013. Reservarase un tempo para que alguén da Comisión de Ética e Deontoloxía para que imparta nocións básicas sobre deontoloxía nas intervencións do GIPCE.

Simulacro

O pasado 19 de setembro tivo lugar un simulacro de secuestro no Aeroporto de Lavacolla (Santiago de Compostela), organizado polo Ministerio del Interior. Asistiron **Ana Isabel Martínez Arranz**, **Isabel Cabado Fidalgo**, **Mª Carmen Patiño García**, **Elena González Cid** e **Ana María Núñez Rubines**, Coordinadora e membros do GIPCE.



Momento do Simulacro

Alertas e intervencións

No mes de agosto, setembro e o que vai de outubro, tivemos un total de 6 avisos do 112 sen intervención e 6 intervencións, dúas de asesoramento telefónico e 4 con activación de GIPCE's. As compañeiras que interviñeron nestas foron **Olegaria Mosqueda Bueno** e **Mª Jesús Taboada Costas** na coordinación e **Aurora Rozadilla Arias**, **Carmen Patiño García**, **Concepción López Martín**, **Lucía García Louzao-García**, **Avelina Senra Comesaña** e **José Manuel Campal Fernández**.

Enlace ao apartado do GIPCE na páxina web do COPG:
www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=203.

CIRCULAR

INFORMATIVA



Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Información Comisións

Información Grupos

Comisión de Ética e Deontoloxía

Actividades culturais

Últimos Colexiados/as

Código Deontolóxico

Publicacións-Biblioteca

Avisos

Cursos, Xornadas e Congresos

A COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA NOS COLEXIOS DE PSICÓLOGOS DO ESTADO

A Comisión de Ética e Deontoloxía do Colexio Oficial de Psicología de Galicia fixo un estudo da situación das comisións de ética dos vintetrés colexios profesionais de psicólogos do estado consultando as páxinas web dos mesmos. Hai datos de algúns colexios que non aparecen neste estudo ben porque non figuran nas respectivas páxinas, ben porque aínda que poidan existir non se atoparon ou ben porque o acceso está restrinxido aos seus colexiados e colexiadas.

Os temas consultados referíronse aos seguintes aspectos:

Composición da Comisión de Ética e Deontoloxía:

As comisións de ética dos colexios consultados diferencian case todas tres tipos de responsabilidades entre os seus compoñentes: Presidencia, Secretaría e vogalías. Nalgunha delas poden aparecer outras figuras como en Castilla La Mancha que conta coa presenza de avogado/a, Catalunya que pode incluír asesoramento de expertos, ou Galicia onde forma parte da mesma un/unha representante da Xunta de Goberno con voz e sen voto. O número de membros que poden formar parte das citadas comisións varía desde os tres de La Rioja ate os nove de Andalucía Occidental. O Colexio de Madrid regula un mínimo de cinco membros, Murcia un máximo de sete e Catalunya entre cinco e oito.


Na CED de Andalucía Occidental está presente un representante da Xunta de Goberno como membro de pleno dereito.

Elección dos membros da CED:

Organismo Competente: Na maioría dos casos a XG propón aos/as candidatos/as e elixe a Xunta Xeral ou Asemblea Xeral. En Catalunya elixe directamente a Xunta de Goberno.

Duración do mandato: Andalucía Occidental, Asturias, Cantabria, Castilla La Mancha, Ceuta, Comunitat Valenciana e Galicia teñen establecida unha duración de catro anos, sendo necesarios en Castilla La Mancha e Galicia outros catro anos de carencia para poderen ser membros reelixidos.

**COMISIÓN DE
ÉTICA E
DEONTOLOXÍA**



Características diferenciais: Algúns colexios presentan certas peculiaridades con respecto ao resto. En Asturias os membros de CED cesan coa Xunta de Goberno que os propón, Catalunya esixe sete anos de experiencia profesional, Galicia propón unha renovación alternativa cesando dunha vez a secretaría e as dúas vogalías impares e aos dous anos a presidencia e a vogalía par así como a incompatibilidade con calquera outro cargo no COPG, Guipúzkoa renova cando menos ao comezo do mandato da Xunta de Goberno, Madrid poderá propor e nomear ata cinco suplentes e cando as vacantes superen a metade dos membros solicitará a renovación total da CED e Melilla esixe profesionais con experiencia e cualificación.

Normas disciplinarias:

Todos os colexios profesionais de psicoloxía contemplan tres categorías á hora de cualificar as infraccións dos deberes colexiais e normas deontolóxicas: Faltas leves, faltas graves e faltas moi graves.

As sancións impostas pola mala praxe varían segundo o colexio onde se cometa a infracción. A variación pode chegar a acadar discrepancias importantes polo que se pode apreciar nos parágrafos seguintes.

En Andalucía Occidental, Aragón, Asturias, Cantabria, Castilla La Mancha, Castilla León, Ceuta, Extremadura, Galicia, La Rioja, Madrid, Melilla e Navarra as faltas leves sanciónanse con apercibimento por escrito, queda constancia no expediente, a falta prescribe aos seis meses e a sanción ao ano. As faltas graves poden levar a unha sanción de ata un ano de suspensión do exercicio profesional e mandato, se é o caso, prescribindo ámbalas dúas aos dous anos. As faltas moi graves supoñen unha sanción superior a un ano ou expulsión do colexio con inhabilitación profesional e de mandato mentres dure a sanción, prescriben aos tres anos.

Características diferenciais:

COP de Álava: As faltas leves poden ser sancionadas con apercibimento ou multa inferior a 300 euros, prescribindo a falta e a sanción ao ano. As faltas graves serán sancionadas con inhabilitación inferior a un ano ou unha multa entre 300 e 3000. As

faltas moi graves implican unha inhabilitación entre un e vinte anos ou unha multa entre 3000 e 30000 euros.

COP de Las Palmas: As faltas graves poderán ser sancionadas cunha amoestación pública ou suspensión do exercicio profesional ata tres meses e as faltas moi graves entre tres meses e dous anos, expulsión do colexio ou sanción económica.

COP de Cantabria: As faltas moi graves teñen ata un máximo de dous anos suspensión e o mesmo que as graves poderán ser comunicadas ás autoridades e á poboación en xeral. As faltas cometidas por un membro de calquera dos órganos do colexio supón un agravante das mesmas. As sancións obrigan a enmendar irregularidades, rectificar impropiedades e abonar os gastos ocasionados na tramitación dos expedientes.

COP de Catalunya: As faltas leves poden ser sancionadas con amoestación verbal ou escrita, as faltas graves con amoestación por escrito con advertencia de suspensión, suspensión para ocupar cargos colexiais de ata cinco anos ou suspensión do exercicio profesional por un tempo non superior a tres meses e as faltas moi graves con inhabilitación para ocupar cargos públicos superior a cinco anos e suspensión do exercicio profesional durante máis de tres meses e menos de dous anos ou expulsión do COPC. As faltas leves e as súas sancións prescriben aos tres meses. A Xunta de Goberno no caso de faltas graves e moi graves pode dar publicidade da sanción recaída cando o considere oportuno.

COP de Guipúzkoa: Sanciona as faltas leves con amoestación privada ou pública, as faltas graves con amoestación pública ou suspensión do exercicio profesional por un período de tempo menor de seis meses e as faltas moi graves con suspensión do exercicio profesional máis de seis meses e menos de dous anos. A reiteración de faltas moi graves poden levar á expulsión do Colexio. Durante a suspensión temporal ou expulsión non poderá o/a psicólogo/a castigado/a incorporarse a outro Colexio do estado; así mesmo a amoestación e suspensión poderán obrigir á formación nos aspectos relacionados coa falta. As sancións obrigan a enmendar irregularidades, rectificar impropiedades e abonar os gastos ocasionados na tramitación do expediente. As faltas graves e moi graves poden ser comunicadas ás autoridades e a poboación en xeral.

AVISOS E ANUNCIOS

Este é un espazo gratuíto reservado para que os colexiados e colexiadas poidan inserir anuncios por palabras, sobre aluguer, compra-venta, ou para compartir despachos profesionais.

- Os anuncios enviaranse á Administración do COPG antes do día 15 de cada mes par.
- O número máximo de palabras por cada anuncio será de 50.
- Para calquera información consultar coa Administración do COPG.

Exemplo: “Alúgase despacho de psicoloxía a tempo parcial ou completo de 20 m² na Rúa Santa Margarita, 35. Santiago de Compostela. Tfno.: 981 000 000”.

COP das Illes Balears: As faltas graves supoñen unha suspensión de ata seis meses e as faltas moi graves de máis de seis meses ata a inhabilitación profesional definitiva. O feito de ser membro de calquera órgano colexial supón un agravante.

COP de Madrid: As faltas graves e moi graves conlevan á exclusión do directorio de centros, consultas e servizos de psicoloxía do COPM.

Instrucción dos expedientes:

Na maioría dos COPs a instrucción do expediente recae na CED que nomea á persoa instructora (Murcia nomea dúas persoas) entre os seus membros, cualifica a falta e propón sanción ou dictamina a que non existe infracción.

A Xunta de Goberno dos Colexios de Andalucía Occidental, Extremadura e Guipúzkoa fai o nomeamento da persoa instructora.

A capacidade de resolución é das Xuntas de Goberno. Antes do inicio do expediente pódense levar a cabo actuacións previas que no caso dos colexios das I. Balears, La Rioja, Madrid e Murcia determínaas a Xunta de Goberno e tramítaas a Comisión de Ética e Deontoloxía. En Galicia a decisión e a tramitación son da Comisión de Ética e Deontoloxía.

Os procedementos disciplinarios aos membros da Xunta de Goberno de La Rioja e Murcia instrúeos un membro da “Xunta de Garantías” e en Madrid un membro da “Comisión de Recursos”.

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-4643	Baptista Mora, Elisabete	G-4659	Rodríguez Dafonte, Luís Miguel
G-4384	Bugallo Carrera, César	G-4660	Pego Vila, Mercedes
G-4644	Bermúdez Bande, Silvia	G-4661	García Cabrillas, Marta
G-4645	Regueiro Iglesias, Laura	G-4662	Pazos Curras, Laura María
G-4646	Del Río Casanova, Marta	G-4663	Álvarez Vázquez, César
G-4647	Ferral Nogueira, Irene	G-4664	Núñez Dios, María Jesús
G-4648	Duran Vedmar, María	G-4665	Gesteira Cid, Paz
G-4649	Deber Souto, Lorena Erundina	G-4666	Correa Carregal, María Eugenia
G-4650	Díaz Gerpe, Lucía	G-4667	Negreira Ferreira, Ángel
G-4651	Peréz Nogueira, Raquel	G-4668	Carrasco Iturra, María Soledad
G-4652	Lago Pérez, María Teresa	G-4669	Vila Pereira, Ana Isabel
G-4653	Bermúdez Otero, Paula	G-4670	Veiga Rodeiro, Sergio
G-4654	Conde Arcos, Raúl Jorge	G-4671	Serrano Avendaño, Sonia Marina
G-4655	Fernández Rama, Yessica	G-4672	Mendéz Rolán, Eva
G-2732	Iglesias Bernárdez, Marina	G-4673	Gómez Díaz, Noelia
G-4656	Torres Prieto, Cristina	G-4674	Toucedo de la Peña, Jacobo
G-4657	Iglesias Fungueiriño, María José	G-4675	Gómez Sanz, Alba
G-4658	Cameselle Taboada, María Mercedes		

Na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia do 5 de outubro de 2012 aprobáronse os criterios contables para a elaboración dos orzamentos do COPG para o 2013.

Dado o contexto económico xeral, as cotas colexiais conxelaráanse por terceira vez nos últimos cinco anos e o COPG tratará por todos os medios que o Consejo General de COP tamén conxele a aportación dos diferentes Colexios do Estado.

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia está comprometida na súa xestión para non facer recaer nos colexiados e colexiadas todo o custo dos servizos que ofrece. Somos, por exemplo, dos poucos COPs que non cobra pola emisión das certificacións de Psicoloxía Sanitaria.

INFORMACIÓN ECONÓMICA

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –salvo nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos Cursos.

Podedes consultar os Cursos, Xornadas e Congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.es/copgalicia.asp?id=1

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO “ACTUALIZACIÓN TEÓRICO-PRÁCTICA SOBRE INFORMES PERICIAIS DE FAMILIA”

Datas: 19 e 20 de novembro de 2012

Lugar: Santiago de Compostela

Docente: Marta Ramírez González

Organiza: Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tnfo.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es

XVII XORNADAS DE PSICOLOXÍA CLÍNICA DO COPG “PSICOLOXÍA E ATENCIÓN SANITARIA: IMPULSANDO O DEBATE”

Datas: 23 e 24 de novembro de 2012

Lugar: Santiago de Compostela

Organiza e informa: Sección de Psicoloxía Clínica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Espíñeira, 10-Baixo. 15706 Santiago de Compostela

Tnfo.: 981 534 049. Fax: 981 534 983

E-mail: copgalicia@cop.es

Web: www.copgalicia.es



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 | Fax: 981 534 983
copgalicia@cop.es | www.copgalicia.es

HORARIO

De luns a xoves de 9 a 14 horas
e de 16 a 21 horas, e os venres
de 9 a 14 horas

Membro da EFPA

Federación Europea de Asociaciones
Profesionales de Psicólogos

